



CONCELLO DE CASTROVERDE

ESCOLAS MUNICIPAIS 2024-2025

SOLICITUDE INSCRICIÓN ADULTOS

Don/a _____

Data de nacemento _____ DNI _____

Teléfono/s _____ e domicilio
en _____

Solicito inscribirme á actividade de:

XIMNASIA DE MANTEMENTO (15 €/mes)

BAILE LATINO E DE SALÓN (25 €/mes)

Achego tamén certificación bancaria do número de conta onde quero que me carguen a cantidade correspondente pola asistencia a dita/s actividade/s.

Castroverde a ____ de _____ de 20....

Asdo.:.....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RXPd), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e dos do menor inscrito na actividade é o Concello de Castrolverde, con enderezo na Praza do Concello, nº 2, CP 27120, en Castrolverde (Lugo). A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade solicitada. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimilos seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do concello sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa no enderezo electrónico: info@concellodecastrolverde.com

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)

INFORMACIÓN ADICIONAL DE PROTECCIÓN DE DATOS

¿Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?

Identidade: Concello de Castroverde - CIF: P-2701100-F

Dir. postal: Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde (Lugo)

Teléfono: 982 31 20 80

Enderezo elect: info@concellodecastroverde.com

Delegado de Protección de Datos: PROFESSIONAL GROUP CONVERSIA S.L.U.

Enderezo elect. Delegado de Protección de Datos.: lidia.molina@conversia.es
laura.aparicio@conversia.es

¿Con que finalidades trata o concello os seus datos persoais?

No Concello de Castroverde tratámoslos datos persoais dos menores participantes nas actividades do concello e os dos seus pais ou titores legais coa finalidade de:

- Xestión administrativa interna, cobro dos servizos (cando proceda) e xestión fiscal e contable do concello.
- Xestionar correctamente os servizos e/ou actividades ofertadas polo concello nas súas instalacións.

¿Por canto tempo conservará o concello os seus datos?

Os seus datos persoais recollidos para o correcto desenvolvemento das actividades organizadas polo concello, conservaranse mentres dure a actividade e a maiores durante un prazo de 5 anos.

Igualmente, debido ás obrigas fiscais e contables do concello, os seus datos persoais, que se relacionen co cobro e contabilización da taxa que se cobre pola participación na actividade, conservaranse durante o prazo legal de 5 anos no que prescribirían as responsabilidades nesta materia do concello.

¿Cal é a lexitimación do concello para o tratamento dos seus datos?

A base legal para o tratamento dos seus datos persoais para tódalas finalidades anteriormente indicadas é o consentimento expreso e explícito outorgado para elo polo pai, nai ou titor legal no momento da inscrición na actividade do menor e da firma do formulario de solicitude de inscrición, así como o cumprimento dunha obriga legal para o caso da xestión fiscal e contable do concello que implique o tratamento dos seus datos persoais.

¿A que destinatarios comunicarán os seus datos o concello?

O Concello de Castroverde comunicará os seus datos persoais a prestadores de servizos que actúen como encargados de tratamento do **Concello de Castroverde** cos que firmaron os correspondentes contratos de tratamento por encargo que garante a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos seus datos persoais e os do menor. Igualmente, no caso de existir algún tipo de obriga legal, o **Concello de Castroverde** procederá a realízalas cesións legais dos seus datos ás que legalmente se encontre obrigado..

¿Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si no **Concello de Castroverde** estamos tratando datos persoais que lle concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitala rectificación dos seus datos inexactos ou, no seu caso, solicitala seu supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para as finalidades polas que foron recollidos.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitala limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso o **Concello de Castroverde** os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O **Concello de Castroverde** deixará de tratalos datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non se respectou por parte do Concello, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphP.php>)